



## ANUNCIO

Por Decreto da Alcaldía n.º 197/2023 do 17 de xullo, aprobáronse as bases para a provisión en réxime laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción para a contratación de 3 peóns/peoas forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMB) 2023 [tractor cisterna]

Ábrese un prazo de 5 días naturais para que os interesados en optar ao posto podan achegar a documentación necesaria para optar aos postos.

O decreto da convocatoria di:

## DECRETO DA ALCALDÍA

**EXPEDIENTE 2023/E001/000008. Bases para a provisión en réxime laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción para a contratación de 3 peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMB) 2023**

### ANTECEDENTES:

Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local Concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, que establece o compromiso da entidade local na acción de actuación de 1 vehículo motobomba (VMB/S), que consiste entre outros en dispoñer de persoal encargado do manexo do VMB, e realizar previamente á contratación do persoal encargado do manexo e actuación do VMB un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

A duración da operatividade anual obxecto do convenio para o VMB será de 3 meses.

Establece a cláusula SEGUNDA do convenio que os custos das accións para desenvolver o Convenio na anualidade de 2023 repartiranse entre a Consellería de Medio Rural e a Entidade Local. E nos puntos 2 e 3 di que o Convenio financiarase, para a anualidade de 2023, pola Consellería de Medio Rural segundo o descrito no punto 2 con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551B.760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

O concello de Touro comprométese a que o VMB (tractor cisterna) estea e permaneza en perfectas condicións mecánicas e de dotación, así mesmo terá a documentación ó día e cumprir as obrigas administrativas (ITV, pólizas, seguros, impostos, etcétera). Manter operativo o VMB polo menos 16

horas ó día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexa requirido para a extinción destes.

Os gastos subvencionables na acción de actuación do vehículo motobomba inclúe os gastos de persoal, o funcionamento e mantemento do vehículo motobomba, os recoñecementos médicos e probas de esforzo, os cursos de formación, así como a subministración de EPIS de extinción e ferramentas de extinción.

Pola operatividade de cada vehículo motobomba a Consellería do Medio Rural aboará:

- a. Motobomba: 1
- b. Axuda máxima 5.000 €/mes (3 meses de duración)
- c. Total axuda máxima: 15.000 €

Polo tanto, esta entidade terá operativa a actuación dun vehículo motobomba con 3 compoñentes.

#### **CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS**

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro do réxime xurídico do Sector Público.
- Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020

#### **RESOLUCIÓN:**

**PRIMEIRA.** Aprobar as bases e a convocatoria que rexen para provisión en réxime laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción para a contratación de 3 peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMB) 2023

**SEGUNDA.** Publicar as bases integramente no taboleiro de edictos do Concello de Touro, no taboleiro de anuncios na sede electrónica e na páxina WEB do concello [www.concellodetouro.com](http://www.concellodetouro.com)

**QUINTA.** Dar traslado deste acordo ao Departamento de Secretaría-Intervención do concello de Touro, dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Touro, na data da sinatura dixital

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor



**Bases para a provisión en réxime laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción para a contratación de 3 peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMB) 2023**

**PRIMEIRA.** Obxecto da convocatoria.

1 A convocatoria ten por obxecto contratar 3 peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba, durante 3 meses.

2 A modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de contrato laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción (atenderase ó Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade do emprego e a transformación do mercado de traballo).

3 As funcións a realizar serán as seguintes:

- Labores encamiñadas á prevención, construción e mellora da infraestrutura de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios e outras funcións que se indican no Convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Touro.
- Os vehículos motobomba (VMB) e as brigadas integraranse dende o inicio da actividade, e durante todo o período de actuación, no dispositivo de emerxencias do distrito forestal onde se sitúe a entidade local, priorizando a actuación dos VMB na extinción de incendios forestais respecto doutros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do distrito forestal, conforme ó provisto no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación neste supostos.
- Tendo en conta que é compromiso do concello de Touro manter operativo o VMB polo menos 16 horas ó día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais.

3 A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador será de 1.350 euros/mes.

**SEGUNDA.** Publicidade.

1 A publicidade das bases faranse mediante anuncio no taboleiro de edictos do concello de Touro, na páxina web municipal [www.concellodetouro.com](http://www.concellodetouro.com) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

2 Os anuncios sucesivos relativos a esta convocatoria faranse no taboleiro de edictos do

concello de Touro, na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

**TERCEIRA.** Condicións dos/as aspirantes, e presentación de solicitudes.

1 Para poder participar no proceso selectivo será necesario que os/as aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos segundo o establecido no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015 texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público:

- a. Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea.
- b. Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c. Estar en posesión do Certificado de escolaridade ou similar (Acreditar co título orixinal ou fotocopia cotexada do mesmo, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para a súa obtención acompañado da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición).

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

- d. Estar en posesión do nivel de CELGA 2 ou equivalente ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

Dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega requirida nestas bases, ou non estean en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación das solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

- e. Os/as candidatos/as deberán estar en posesión do permiso de conducir B. Acreditar co carné de conducir B (orixinal ou copia cotexada).
- f. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas. (Anexo II).
- g. Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta (Anexo II).



- h. Xustificantes acreditativos dos méritos alegados. Os méritos admisibles e avaliábeis serán unicamente os presentados no período establecido de presentación de solicitudes. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

As persoas que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias dirixidas ao alcalde, en modelo que se engade como anexo I, Anexo II e demais anexos e documentación necesaria, na sede electrónica do concello de Touro ou no Rexistro Xeral do concello de Touro en horario de atención ó público (de luns a venres de 9:00h. a 14:30h. e solicitando cita previa), durante o prazo de **cinco días naturais** a contar dende o día seguinte ó da publicación do anuncio das bases da convocatoria no taboleiro de edictos da Sede Electrónica do Concello de Touro. No caso de ser presentadas noutros rexistros, e a efectos de realizar o seu seguimento, as persoas solicitantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada mediante correo electrónico dirixido a desenvolvemento.local@concellodetouro.gal antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Despois de rematar o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde, mediante resolución aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas coa indicación da causa de exclusión. Esa resolución será definitiva de non haber persoas excluídas, e será publicada tal como recolle a base segunda. Establecerase un prazo para **emendas de 3 días hábiles**.

#### **CUARTA.** Requisitos para a selección e datas para a realización das probas

- 1 As persoas candidatas admitidas participarán nun proceso selectivo con realización de proba/s práctica/s, baremación de méritos e valoración do tempo en desemprego.
- 2 Datas para a realización das probas. Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que se estableza cando se publique o listado definitivo de persoas admitidas e excluídas no proceso, e realizarase nas dependencias municipais do Concello de Touro, co DNI, carné de conducir B.

#### **QUINTA.** Comisión seleccionadora.

- 1 Composición da comisión seleccionadora.

A comisión será nomeada pola Alcaldía e estará composta por 5 membros: un/unha presidente/a, 3 vocais, e un/unha secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, a composición da comisión seleccionadora das probas selectivas deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios/as interinos/as, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ningún.

- 2 A comisión seleccionadora estará integrada como segue:

A.- PRESIDENTE/A:

O secretario da corporación ou funcionario/a en quen delegue.

B.- VOCAIS:

Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do concello de Touro ou doutra administración local que se designen.

C.- SECRETARIO/A:

Un/unha funcionario/a do concello de Touro, con voz pero sen voto.

3 A comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo necesaria a asistencia do presidente e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría, resolvendo en caso de empate o voto de calidade de quen actúa como presidente/a. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro. A comisión de selección continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións que xurdan ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

4 Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, e de conformidade co artigo 24 deberán notificalo por escrito expresando a causa ou causas na que se fundamenta, en caso contrario poderán ser recusados polos/as aspirantes se concorre algunha daquelas circunstancias, debendo notificalo por escrito a alcaldía.

5 A actuación da comisión seleccionadora axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

6 Serán de aplicación de dito Órgano as normas sobre constitución de órganos colexiados previstas nos art. 22, 23, 24 e seguintes da Lei 40/2015.

7 A comisión de selección poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario e conveniente.

#### **SEXTA.** Proceso de selección.

A Comisión seleccionadora realizará un fase de proba/s practica/s que puntuará un máximo de 6 puntos, unha fase de baremación de méritos que puntúa un máximo de 3 puntos, e unha valoración do tempo en desemprego dos/as candidatos/as que puntúa un máximo de 1 punto, proba de galego (naqueles casos en que non se acredite estar en posesión do CELGA 2) con resultado de apto ou non apto, sumando como máximo 10 puntos todo o proceso selectivo, tal e como segue:

Proceso selectivo	Máximo a puntuar
1º FASE DE PROBAS: proba/s práctica/s	Mínimo 3 puntos máximo 6 puntos
2º BAREMACIÓN MÉRITOS: Experiencia laboral ( máximo 2 puntos) Cursos, seminarios, xornadas (máximo 1 puntos) Formación en prevención de riscos laborais (máximo 1 punto)	Máximo de 4 puntos
Proba de galego (naqueles casos en que non se acredite estar en posesión do CELGA 2)	Apto/a ou non apto/a

#### **1º.- FASE DE PROBAS:**

**PROBA/S PRÁCTICA/S: Máximo a acadar 6 puntos**



Esta fase ten **carácter obrigatoria e eliminatória**, consistirá na realización dunha ou varias probas prácticas e terá unha puntuación máxima de 6 puntos. Sendo 3 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada/s pola comisión antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización e a puntuación de cada unha delas.

As probas estarán relacionadas coas labores encamiñadas á prevención, construción e mellora da infraestrutura de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e que minoren os danos dos incendios e demais tarefas que o posto requira, dirixidas a determinar a destreza dos/as aspirantes no manexo das ferramentas, do vehículo e das actividades propias da extinción de incendios forestais.

Corresponderá á comisión determinar o nivel de coñecementos e habilidades esixidos para acadar a puntuación mínima.

## **2º.- BAREMACIÓN MÉRITOS: Máximo a acadar de 4 puntos**

A puntuación obtida nesta fase, non será eliminatória.

Baremo para a valoración de méritos é o seguinte:

### 1) A experiencia laboral computarase ata un máximo de 2 puntos:

- Traballos prestados como peón forestal ou como condutor de vehículo motobomba na administración pública e/ou en empresa privada: Por cada mes completo traballado 0,10 puntos.

A experiencia acreditarase mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizada (nas datas do período de solicitude de participación no proceso) e mediante informe ou certificación sobre servizos prestados expedido pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo.

Aqueles candidatos/as que traballasen no concello de Touro poderán solicitar mediante a presentación do anexo III para que o concello lle expida a correspondente certificación de servizos prestados nesta entidade local.

### 2) Cursos, seminarios e xornadas relacionados co posto ofertado, a puntuación non poderá superar un (1) punto. (NON SE VALORAN CURSOS DE INFORMÁTICA E IDIOMAS). Establécese o seguinte baremo:

- Cursos entre 10 e 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Cursos entre 21 e 30 horas de duración: 0,20 puntos.
- Curso entre 31 e 40 horas de duración: 0,30 puntos.
- Curso entre 41 e 50 horas de duración: 0,40 puntos.

- Curso de entre de 51 a 100 horas de duración: 0,50 puntos.
- Curso de máis de 101 horas de duración: 1 punto.

3) Cursos, seminarios e xornadas de prevención de riscos laborais a puntuación non poderá superar un (1) punto. Establécese o seguinte baremo:

- Cursos entre 10 e 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Cursos entre 21 e 30 horas de duración: 0,20 puntos.
- Curso entre 31 e 40 horas de duración: 0,30 puntos.
- Curso entre 41 e 50 horas de duración: 0,40 puntos.
- Curso de entre de 51 a 100 horas de duración: 0,50 puntos.
- Curso de máis de 101 horas de duración: 1 punto.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada Comisión de selección, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Os méritos que aleguen as persoas interesadas e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

Os méritos admisibles e avaliados serán unicamente os presentados no período establecido. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

#### **4.- PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO: APTO/APTA OU NON APTO/A**

Esta proba ten carácter de obrigatorio e eliminatorio, polo que cualificarase como APTO/A ou NON APTO/A, quedando eliminados/as as persoas aspirantes que non acadasen a cualificación de apto/a. Estarán exentos/as da realización desta proba as persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado de Celga 2 ou documentos equivalente.

Esta proba consistirá nun exercicio escrito.

#### **SÉTIMA. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.**

A orde de participación no proceso selectivo dos/as aspirantes iniciarase pola orde alfabética atendendo ó primeiro apelido que comece pola letra V, conforme á RESOLUCIÓN do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG. n.º 18 do 26 de xaneiro de 2023).

Das sesións que celebre a comisión seleccionadora o/a secretario/a da comisión seleccionadora, levantará acta onde se farán constar as cualificacións dos exercicios dos/as aspirantes e das incidencias e votacións que se produzan. A acta/s numeradas e rubricadas, constituirán o expediente das probas selectivas. Xuntamente coa acta uniranse a documentación acreditativa da situación de colectivo específico.





Procederanse a publicar as táboas das puntuacións acadadas polos/as aspirantes no taboleiro de edictos e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Touro.

**OITAVA.** Superación do proceso selectivo.

Superarán o proceso selectivo aqueles aspirantes que tendo acreditados os requisitos mínimos esixidos e ordenados segundo a puntuación global acadada de maior a menor, lle corresponda un número de orde igual ou inferior ó número de prazas convocadas.

- Para a obtención da puntuación global o tribunal sumará as puntuacións das fases superadas.
- No caso de empate a orde do desempate establecerase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

a) Maior puntuación acadada no apartado de experiencia laboral.

b) Maior puntuación acadada na proba/s práctica/s.

c) Maior puntuación acadada no apartado de formación.

d) Maior puntuación acadada no apartado de cursos de galego ou validación.

e) Maior número de días en desemprego, acreditado mediante un informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizado.

f) De manterse igualmente o empate resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido, e de ser igual, polo segundo apelido. De seguirse mantendo o empate, procederase a desempatar atendendo á orde alfabética do primeiro apelido que comece a partir da letra V, segundo RESOLUCIÓN do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG. n.º 18 o 26 de xaneiro de 2023). E de persistir o empate, este resolverase por sorteo.

**NOVENA.** Lista de aprobados e proposta de contratación

Terminada a cualificación de todas as fases, a comisión seleccionadora publicará no taboleiro de edictos do concellos de Touro, na páxina web municipal [www.concellodetouro.com](http://www.concellodetouro.com) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, a relación de aspirantes aprobados/as pola orde de puntuación.

Previamente á contratación dos 3 aspirantes con maior puntuación, e segundo se detalla na cláusula sexta, punto 5 do convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural, o persoal encargado do manexo e actuación do vehículo VMB terá que realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

Unha vez cumpridos estes requisitos favorablemente, a comisión seleccionadora formulará a proposta

de contratación a favor dos 3 aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados listaxe de reserva.

Os/as traballadores contratados terán un curso-práctico de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas.

Dita lista de reserva será exclusivamente a efectos de cobertura de renuncias, de baixas en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós integrantes da lista de reserva dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

Abrirase prazo para a presentación de **reclamacións de 3 días hábiles** contados dende o día seguinte da publicación da listaxe de resultados provisionais. De non presentarse, elevarase a definitivo a listaxe que se publicará no taboleiro de edictos, na páxina Web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Touro.

#### **DÉCIMA.** Proposta de contratación.

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión seleccionadora será elevada ó alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan mellor puntuación, en número que non supere o número de prazas obxecto da convocatoria.

Establécese un período de proba máximo legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período as persoas que o superen, adquirirán plena eficacia o contrato suscrito.

A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

#### **UNDÉCIMA.** Incidencias.

A Comisión seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

### **ANEXO I**

Don/a.....  
.....,

con DNI..... e domicilio en .....

nacional de....., con teléfono:..... e mail:  
.....a efectos de poder participar no proceso selectivo de  
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 PEÓNS FORESTAIS ENCARGADOS DO MANEXO E  
ACTUACIÓN DO VEHÍCULO MOTOBOMBA (2023):

Presenta documentación xustificativa dos requisitos mínimos e méritos:

	DNI.
	Titulación académica esixida para o posto
	CELGA 2 ou equivalente



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

exp. 2023/E001/000008

	Carné de conducir C
	Anexo I
	Anexo II
	Anexo III
	Xustificante bancario do pago da taxa de participación, se é o caso.
	Informe de Vida laboral da TXSS actualizado (nas datas do período de solicitude de participación no proceso), se é o caso.

Outra documentación

1º

2º

3º

Touro, ..... de ..... de 2023

Sinatura:.....

Os datos recollidos a través deste anexo trataranse de conformidade coa lei de protección de datos de carácter (xúntase información de protección de datos para solicitantes de emprego no reverso anexo II)

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE TOURO

## ANEXO II

### **Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección da 3 PEÓNS FORESTAIS ENCARGADOS DO MANEXO E ACTUACIÓNS DO VEHÍCULO MOTOBOMBA (2023)**

Don/a.....,

con DNI..... e domicilio en .....,

nacional de....., con teléfono: ..... e mail:  
.....a efectos de poder participar no proceso selectivo de  
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 PEÓNS FORESTAIS DO MANEXO E ACTUACIÓNS  
DO VEHÍCULO MOTOBOMBA (2023):

DECLARACIÓN XURADA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- A efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes:

Que  NON  SI desempeña posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984.

Que  NON  SI realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

- Posuír a capacidade funcional e psíquica para o desempeño das tarefas en non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- Ter sido informado polo Concello de Touro que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo algunha enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.
- Aceptar e acatar todas e cada unha das bases de esta convocatoria.

Os datos recollidos a través deste anexo trataranse de conformidade coa Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal (XÚNTASE INFORMACIÓN NO REVERSO)

Touro, ..... de ..... de 2023

Sinatura:.....

(REVERSO)

### INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA SOLICITANTES DE EMPREGO

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

#### 1.- RESPONSABLE DE TRATAMENTO.

---



O responsable de tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE TOURO, con dirección ISABEL II, 26, 15822, FONTE DÍAZ, TOURO (A CORUÑA); correo@concellodetouro.gal

**2.- DPO:** O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE TOURO é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@concellodetouro.gal

### 3.- FINALIDADE

O acceso á condición de persoal laboral de CONCELLO DE TOURO efectuarase de conformidade coa OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO, mediante unha convocatoria Pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso-oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

### 4.- LEXITIMACIÓN

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

### 5.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS

CONCELLO DE TOURO proporciona un servizo de promoción de emprego, axudando a terceiras empresas e entidades a cubrir os seus procesos de selección. Por favor, marque as casas conforme ao consentimento que queira outorgarnos:

- Si, desexo participar en procesos de selección de terceiras empresas e/ou entidades coas que CONCELLO DE TOURO colabore, polo que consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados ás mesmas, coa finalidade única de participar nos seus procesos de selección.
- Non, unicamente desexo participar nos procesos de selección de CONCELLO DE TOURO, polo que non consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados a terceiras empresas.

### 6.- DEREITOS

Por último, informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI

CONCELLO DE TOURO dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de CONCELLO DE TOURO, ISABEL II, 26, 15822, FONTE DÍAZ, TOURO (A CORUÑA); correo@concellodetouro.gal

Para que podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos outórguenos o seu consentimento. Para iso deberá cumprimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_

DATA E LUGAR: \_\_\_\_\_

SINATURA: \_\_\_\_\_

### Anexo III

#### Solicitude de certificación laboral do Concello de Touro para valorar na fase de méritos do proceso selectivo de 3 peóns forestais encargados do manexo e actuacións do vehículo motobomba (2023)

Nome e apelidos:.....

DNI:..... Data nacemento:.....

Domicilio:.....

Localidade:..... Provincia:.....

Código postal: ..... Núm. Teléfono:.....

E-mail:.....

**DECLARA** ter traballado nesta entidade local, e **SOLICITA**, para o efectos de que lle sexa valorado os méritos no apartado de experiencia laboral neste proceso selectivo, un certificado de servizos prestados nesta entidade local.

Touro, .....de.....de 2023

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE TOURO

---



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

exp. 2023/E001/000008

En Touro, \_\_\_\_\_ de xullo de 2023